

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 08 de abril de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto:** Realización do acondicionamento da área de xogos existente no Xardin de Catasol na cidade de Lugo
- b) Prazo de execución:** O prazo de execucion das tarefas de acondicionamento da área de xogos será de TRES MESES dende a formalización do contrato. Non obstante o contrato rematará cando finalice o prazo mínimo ou ofertado do mantemento e conservación integral dos xogos

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación:** ordinario
- b) Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

- a) Orzamento máximo do Contrato:** O prezo máximo para a primeira anualidade ascende a 29.752,07 euros máis o 21% de IVE (6.247,93 euros) resultando un total anual de 36.000 € IVE incluído

5.- Garantías:

- a) Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ACONDICIONAMENTO AREA XOGOS CATASOL

Asunto: anuncio licitación

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.gal (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 134,16 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 22 de abril de 2015

O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA,
EMPREDAMENTO, AUTONOMOS E EDUCACION.

Asdo: Sonia Mendez Garcia